

Celebrada hoxe ante 500 persoas delegadas

A ASEMBLEA XERAL DE EROSKI APROBA AS CONTAS DO 2021 E DECIDE DESTINAR 56 M€ DE BENEFICIOS A RESERVAS

- Rosa Carabel substituirá a Agustín Markaide e converterase na CEO, primeira executiva, da organización
- A Asemblea Xeral de delegados, máximo órgano de decisión da cooperativa, convocou a 250 Socios Traballadores e a 250 Socios Consumidores
- Os 59 M€ de beneficios da cooperativa destínanse a xuros das AFSE (2,8 M€) e o resto (56 M€) a Reservas
- Leire Mugerza, que cumpre 10 anos como presidenta do Consello Reitor da cooperativa, foi reelixida como membro do consello reitor

Barakaldo, 26 de maio do 2022.- A cooperativa [EROSKI](#) celebrou esta tarde a súa Asemblea Xeral Ordinaria anual de delegados en Barakaldo (Biscaia), á que estaban convocadas 500 persoas socias representantes dos seus colectivos de Socios Traballadores e Socios Consumidores. Trátase da última asemblea de Agustín Markaide como presidente do Grupo EROSKI, quen, logo de 11 anos como primeiro executivo e de máis de 30 na cooperativa, axiña se xubilará. No marco do órgano de máxima decisión da cooperativa, o Consello Reitor comunicoulles aos delegados o nomeamento de Rosa Carabel como primeira executiva de EROSKI desde o vindeiro 1 de xullo.

A asemblea aprobou as contas anuais individuais da cooperativa e as consolidadas do grupo e mais o informe de xestión do pasado exercicio. Ademais, as socias e socios cooperativistas presentes acordaron distribuír os 59 millóns de euros de beneficios logados pola cooperativa no exercicio 2021 destinando 2,8 millóns de euros ao pagamento de xuros das AFSE (Achegas Financeiras Subordinadas) que son fondos propios da cooperativa e a reservas os 55,9 millóns de euros de beneficios netos restantes.

Durante a súa intervención, Agustín Markaide *agradeceu "o esforzo realizado polos profesionais de EROSKI para lle dar en cada momento unha resposta acertada á sucesión de cambios aos que se enfrontou a sociedade durante os últimos anos"*. Ademais, salientou tamén que a evolución económica e financeira de EROSKI foi moi positiva, e cualificou o resultado do 2021 como o mellor dos últimos 14 anos. E especialmente alentou as socias e socios a *"afrontaren con ilusión a nova etapa na que EROSKI está inmersa, con máis posibilidades de actuación e cunha ollada renovada para asumir os novos retos. As novas etapas requiren de novos liderados. O de Rosa Carabel vén avalado pola profesionalidade e a experiencia de máis de 25 anos no grupo, a maior parte deles como socia na cooperativa matriz"*.

Rosa Carabel destacou que se sente *"orgullosa e agradecida pola confianza que deposita en min o Consello Reitor"*. Destaca que o proxecto cooperativo de EROSKI

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

é un proxecto colectivo que se constrúe coas achegas de todas e todos, *“un colectivo ao que se sumaron máis de 600 novos socios cooperativistas no 2021, e que seguirá a sumar incorporacións ata os dous mil novos socios en 5 anos”*. Carabel explicou que afronta esta nova etapa *“co propósito de reforzar as bases dos nosos proxecto e de avanzar con firmeza no seu desenvolvemento”*.

Saúde, proximidade e sustentabilidade

Carabel dirixiuse ás socias e socios presentes para lles lembrar que *“a sociedade e os consumidores están a se transformar con rapidez e débemoslles dar as solucións que precisan, diferentes das do pasado. Nos últimos anos a sociedade e os consumidores fixeron unha aposta decidida por unha alimentación saudable e sostible, baseada nos produtos de proximidade. Unha aposta que se alíña perfectamente co compromiso adquirido por EROSKI desde hai máis de dúas décadas”*.

Neste contexto, Carabel anunciou que, mañá, EROSKI asinará un novo convenio de colaboración co Goberno Vasco para impulsar o sector agroalimentario de Euskadi. Este acordo renova o asinado hai nove anos entre ambas as dúas entidades. Un acordo que vai multiplicar por tres a actividade comercial desenvolvida entre EROSKI e os preto de 300 produtores locais que na CAV lle subministran máis de 2.400 produtos á cooperativa.

Entre as iniciativas máis recentes relacionadas co produto de proximidade e a sustentabilidade, presentouse EROSKI Azoka, un *market place*, para impulsar a comercialización directa de produtos locais, por parte dos propios produtores, aos consumidores. Rosa Carabel afirmou: *“o noso obxectivo é mellorar a experiencia de consumo de produtos próximos, de alto valor social e económico e de alta calidade e a un prezo xusto”*.

Amplo proceso participativo

A asemblea culmina un amplo proceso de participación previa dos Socios Traballadores e Socios Consumidores de EROSKI que suma máis de 40 sesións informativas e xuntas preparatorias presenciais e con conexións dixitais.

A Presidenta do Consello Reitor de EROSKI, Leire Mugerza, reelixida durante a asemblea como membro do Consello, puxo en valor que *“a implicación de todo o colectivo social e mais o seu traballo e dedicación permitiron transformar EROSKI e abrir unha nova etapa na que seguiremos levando adiante a misión deste proxecto cooperativo, traballando a prol da saúde dos consumidores e da sustentabilidade do noso contorno, desde unha maneira diferente de facer empresa”*.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e un dos líderes do norte do mercado español (Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares) cunha cota superior ao 13% nese mercado. A súa rede comercial elévase a 1.646 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry; amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



deportivo e o seu supermercado en liña. Ademais, conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquizados.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)